

PROGRAMA RE-IMAXINA. IGAPE

(DOG. Nº 15, de 25 de xaneiro de 2010)

www.igape.es

Liñas de financiamento subsidiado para facilitar o acceso ao financiamento nos investimentos das microempresas, dos emprendedores, e das pemes que melloren a súa competitividade:

Liña 1: microempresas: créditos para financiar investimentos nas microempresas galegas.

Liña 2: peme xove: créditos para financiar investimentos en proxectos emprendedores galegos.

Liña 3: peme competitiva; créditos para financiar investimentos que permitan mellorar a competitividade das pemes galegas.

Poderán acceder a estas axudas as persoas físicas e as xurídicas, e as súas agrupacións. Para a operación das liñas 1 e 2 poderán ser obxecto de financiamento todas as actividades económicas, agás:

- a) As actividades relacionadas coa exportación.
- b) As actividades do sector do carbón.

Para a operación da liña 3, a beneficiaria deberá desenvolver algunha das actividades recollidas no anexo ii das bases publicadas.

O prazo para a presentación de solicitudes finalizará o día **30 de xuño de 2010**.

cambre, 26 de xaneiro de 2010

Axencia de Desenvolvemento Local